



Compostela, 27 de outubro de 2015.

*Ao coidado das coordinadoras de
Encontro Cidadá pola Marea Galega e de Iniciativa pola Unión.
Ao coidado das direccións de
Anova-IN, Bloque Nacionalista Galego, Equo (Galicia), Esquerda Unida e Podemos (Galicia).*

Como sabedes, o pasado sábado, 24 de outubro, Compromiso por Galicia desenvolveu a súa Convención Nacional para tomar unha decisión ao respecto da concorrencia ás eleccións a Cortes Xerais do vindeiro 20 de decembro de 2015. Na mesma tomouse a decisión de seguir a pelexar pola fórmula de candidatura unitaria, na que se desexa que estean presentes os homes e as mulleres que fan parte, ou que apoian ás vosas plataformas e aos vosos partidos.

Sendo consecuentes co que sempre defendemos, e que defenderemos até o derradeiro minuto, Compromiso quere convidarvos este sábado, 31 de outubro, ás 18:00, a un acto público, aberto á cidadanía e aos medios de comunicación, para que, coa transparencia da que sempre fixestes gala, expliquedes o traballo que estades a facer para lograr esa candidatura de unidade. Esta será a única condición que se tomará como irrenunciable: o carácter público do acto.

O lugar será nun local de Santiago de Compostela e indicado en tempo e forma, en función da asistencia confirmada e da presenza do público que así o demande.

Humildemente queremos contribuír co noso esforzo a algo que sabemos que desexades materializar: que a esperanza derrote á experiencia dos últimos meses.

Atentamente.

Xoán Bascuas.

Secretario xeral de Compromiso por Galicia.

Móbil: 698162922
secretariaxeral@compromiso.gal
www.compromiso.gal